

OS ADVERBIOS ABSOLUTOS DE LUGAR. ACHEGA SEMÁNTICA E DIALECTAL.

XOSÉ MANUEL PÉREZ SARDIÑA
Instituto da Lingua Galega

0. *Introducción*

A alternancia dos adverbios relativos de lugar *riba/arriba* e *baixo/abaixo* (*lugar de riba/arriba*, etc) foi o cerne dun traballo de curso, realizado dentro da área de morfoloxía. Mais, dunha noutra, presentouse a necesidade de afronta-lo estudio íntegro do adverbio de lugar e daquela principiamos polas formas absolutas. Os froitos deste primeiro paso son os que van ocupar por enteiro o artigo que segue¹.

Determinamos, así mesmo, que a investigación non persegue tanto a explicación de tódolos posibles usos dos adverbios de lugar como a fixación dos seus significados básicos ou rectos. Ademais, a realización do presente artigo pretende achegar conclusións que boten luz sobre a súa dialectoloxía e sobre a interferencia lingüística, orfas en canto as comparamos co substancioso tratamento que se lle brinda ó verbo ou ó substantivo (tanto formal coma semanticamente).

Os estudos gramaticais panorámicos ó respecto achegan para o galego unha valiosa base de traballo. Pola contra, os específicos erran ó destacaren valores parciais, sobre de todo os baseados en obras literarias, xa que se supeditan en exceso á interpretación individual do investigador. Así, aínda que as descrições do linguísta poidan ilustrar ben unha situación e o seu contorno, faise difícil determina-los mesmos con fiabilidade, a penas dende a súa interpretación textual. Está claro que o que querería dici-lo autor dunha obra literaria ofrece a posibilidade de disertar sobre a verosimilitude ou a textualidade, non de delimita-la realidade. En todo caso, a finalidade última destes

¹ Temos que agradecer, moi especialmente, ó profesor Xosé Xove Ferreiro a súa valiosa confianza e mailos seus azos. Con el contraemos unha débeda que procuramos compensar con este artigo, o cal ampliamos, refixemos e corriximos tanto nos casos en que se nos anotaron certas suxestións coma nos que a propia descrición semellaba pouco axeitada á realidade.

traballos procura máis unha contribución á esculca de expresións idiomáticas ca unha sistematización de valores. Todo isto fixonos reflexionar, tomar con cautela certas conclusións pola súa restrictividade e mais ollar para aqueles valores espaciais contrastables coa realidade e, polo tanto, comprobables.

En consecuencia, dende un principio, foi seleccionada a maneira que, ó noso entender, consideramos máis axeitada para catalizármolos diferentes obxectivos: a localización motivada por preguntas verbo da toponimia menor da parroquia de Irís (concello de Cabanas-A Coruña).

A enquisa realizámoslle a sete persoas, todas elas autóctonas² e de idade comprendida entre os corenta e os oitenta e cinco anos, mediante gravadora para facilitar posteriormente a súa transcrición íntegra. A idade dos informantes, catro deles pasan os 70 anos, deita claramente os resultados cara a un sistema adverbial orixinado no segundo cuarto deste século, e incesantemente modificado ata hoxe.

As diversas situacións nas que se realizou a enquisa, seguindo a Coseriu (1967², 315), cadraban no contexto extraverbal empírico dos “estados de cousas”, isto é, as referencias realizábanse por coñecemento espacial directo dos interlocutores, sen estaren á vista os lugares designados. Houbo tamén un caso de “contexto físico”, no que o informante amosaba lugares inmediatos e visibles³. Con estas situacións determínanse, en grande medida, as posibles referencias adverbiais dentro dun espacio coñecido e delimitable.

Debemos ter en conta que a maior ou menor concreción dos falantes á hora de delimitar unha área ou terreo fronte a outro pode estar condicionada polo coñecemento extraverbal común que teñan os interlocutores para ese espacio. Albíscase o emprego da referencialidade en función dese suposto, e así téndese tanto a desbotar unha serie de delimitacións cando o grao de coñecemento común é alto, como a detalla-la situación do designado o máis posible, cando se considera ese grao baixo⁴.

1. Análise

² Con isto quero dicir que pertencen a familias ou, como se di alí, “razas” orixinarias desta parroquia.

³ Outros autores como Bühler (1950, 94 e ss.) falan de deixé *ad oculos* que expresa algo presente ó falante, sen que sexa necesaria a presenza física, e que engloba tanto o “contexto físico” coma o “empírico” de Coseriu.

⁴ A exígua aparición de elementos non marcados, nomeadamente o adverbio *aquí*, podería ser outro índice da segunda situación comunicativa pola escaseza do contexto tipo no que se ten que dar un alto grao de coñecemento común do “contexto empírico”.

1.1 A tradición descritiva galega

Os estudos recentes de referencia obrigada para o galego son Santamarina (1975) e Álvarez et alii (1992³). Representan dúas tendencias descritivas caracterizadas polo maior ou menor achegamento á realidade oral concreta. Mentres que o primeiro se centra no estudio dunha fala do galego, os segundos atenden unha norma englobadora para o conxunto do noso idioma. As dúas posturas representativas implican unha variación tanto no número de formas adverbiais diferenciadas como no de trazos distintivos.

Se seguímo-la gramática de Álvarez et alii (1992³, 422-426), atoparémolo seguinte esquema:

1º. Oposición gramatical.

- Aquí “neste lugar” (1ª persoa). Aí “nese lugar” (2ª persoa⁵). Alí “naquel lugar” (3ª persoa). Acolá “nese lugar-naquel lugar” ou “nestoutro lugar” (sen relación directa coa distancia).
- Acá/Acó “proximidade á 1ª persoa”. Alá/Aló “afastamento á 1ª persoa”.

2º. Oposición vaguidade vs. precisión.

- Acolá/-í “precisión”.
- -á/-ó “vaguidade”.

3º. Oposición “movemento translocal” vs. “movemento intralocal” ou “situación”.

- Acolá/-í/-á “situación ou movemento intralocal”.
- -ó “movemento translocal”.

Nestes dous últimos puntos resúmese a confluencia e simplificación que se produciu na maior parte de Galicia para formas rematadas en -á ou en -ó⁶. Indicacións neste senso aparecen no dicionario

⁵Anótase indirectamente a posibilidade de “exclusión de primeira e segunda persoas” a través da significación dos demostrativos en Álvarez (1992³, 210). Cf. Alarcos (1980³, 302-304) para os demostrativos e no mesmo (1980³, 306) a descrición semántica para os adverbios absolutos do español.

⁶No sur: *acá/alá* e norte-leste: *acó/aló*. Fernández Rei (1991², 103) anota a simplificación en “moitas falas da Coruña, de Lugo, de Asturias e do Bierzo” onde predomina *aquí/acó* e *alí/aló*, “mentres que no resto se rexistra a oposición *aquí/acá*, *alí/alá*”. Esta descrición coincide a grandes trazos cos datos do ALG (1995) nos mapas correspondentes a cada forma. Tamén se amosa a través de dúas gramáticas a situación dialectal do galego, a primeira de Saco y Arce (1868), ourensán, que detalla os adverbios propios desas terras: *eiqui, ehi, eli, alá* e *acoló* (a penas exemplifica *aló* a través dunha cántiga) e a segunda de Carré Alvarellos (1967): *aquí/eiquí, alí, alá, aló* e *acoló*. Repárese en que ambos omiten as formas *acó/acá*.

do ILG-RAG (1990) e mais no de Ares Vázquez et alii (1990³), nos que se describe unha división próxima á de Álvarez et alii (1992³).

O tratamento de trazos semánticos é moi semellante para estas tres obras, aínda que en Vázquez et alii (1990³) hai unha nota marxinal que apunta cara ó maior afastamento lineal de *aló* fronte a *alá*⁷. Por outra banda tamén atopamos diverxencias en que tanto Álvarez et alii (1992³, 424) como Vázquez et alii (1990³) só dan para as formas en -í o trazo de “situación” (“en...”) sen o acompañaren do de “movemento” (“a...”), mentres que o ILGA-RAG (1990) inclúe ámbolos trazos para cada entrada.

A orientación cara á oralidade exponse, entre outros, en Rodríguez (1958-I). O autor achégase á realidade falada, groso desta obra lexicográfica recompilatoria, e encara os valores do galego vivo. Incide na relación “proximidade”/“afastamento” á primeira persoa, e sitúa *acolá* na distancia xa que o define como “acullá, a la otra parte” e “allá, en aquel lugar”. Atribúelles precisión ós adverbios rematados en -í, que confronta coa vaguidade dos rematados en -á/-ó. Así mesmo, considera a convivencia do trazo de situación co de movemento co que as formas rematadas en vocal palatal non se distinguirían das rematadas en vocal velar (“a/en ... lugar”), agás *acá/acó*, que son definidas como “sitio donde se halla el que habla”⁸. En consecuencia, este último trazo semántico podémolo interpretar como non distintivo.

Nesta mesma liña, Santamarina (1970) concluíu que a oposición etimolóxica “situación” vs. “movemento” deixou de ser funcional para o galego vivo da Fonsagrada (Lugo), e só recorre á referencia persoal e á oposición “vaguidade” vs. “precisión” para caracteriza-lo sistema adverbial dese concello lugués. Polo que respecta a *acolá* o autor encadra esta forma nun sistema adverbial relativo á primeira persoa xunto con *enriba* e *embaixo*, ademais de identificalo co afastamento.

Carballo Calero (1979⁷) tamén se inclina por un sistema adverbial simplificado. Iguala as formas en -á e en -ó en canto que significan o mesmo có *acá* e o *allá* casteláns⁹.

As contribucións máis próximas á parroquia que nos ocupa son as de Porto Dapena (1977), que no tocante á semántica do adverbio absoluto decántase por unha distinción lineal caracterizada polo menor ou maior afastamento do falante:

AQUÍ→ AÍ→ ALÍ→ ALÁ→ ACOLÁ→ ALÓ
ACÓ

⁷ Indicado tamén por Rodríguez (1958-I) e mais por Porto Dapena (1972, 207).

⁸ Rodríguez (1958-I) na entrada *acá*.

⁹ Cf. Valladares (1970).

Acó é considerada por este autor como unha variante combinatoria de *aquí*, empregada só con verbos de movemento, sen posibilidades de oposición contextual, que pervive a penas nas zonas máis rurais e interiores da comarca ferrolá.

1.2 Valores espaciais

Despois de analizármolas diferentes sistematizacións gramaticais podemos apoiar a nosa descrición semántica en tres trazos que parecen propios dos adverbios absolutos de lugar: correspondencia entre adverbio e persoa gramatical, “vaguidade” fronte a “precisión” e “movemento translocal” fronte a “situación”¹⁰ ou “movemento intralocal”.

1.2.1. Correspondencia adverbio/persoa gramatical

Tendo en conta a referencialidade da enquisa (a ubicación descriptiva de microtopónimos), a actitude do falante centra a deixé non na proximidade á súa persoa senón no núcleo comunicativo falante/oínte, que se converte no “referente” explícito de toda a localización. Translócase, polo tanto, o sistema tripersoal (1^a-aquí, 2^a-aí e 3^a-alí) en favor do trazo de proximidade ou non proximidade ó espacio ocupado polos interlocutores, co que *aquí* designa lugares considerados ‘próximos’ tanto á 1^a como á 2^a persoas.

- (1) ...e *aquí*... *aquí* ó lado as Fontiñas.
- (2) ...*aquí* é a Chousa.
- (3) *Tes aquí* As Torres por derriba dos Currás.
- (4) *Eso chámase Suaspenas despois...* *chámanlle Sandín por aquí*, pola beira da estrada.
- (5) *Despois queda A Aceiteira aquí*, *debaixo de Formaris de Baixo*.
- (6) *Tes o Muíño do Cubo tamén aquí* adiante.
- (7) *Aquí diante chámase de por riba da corredeira*¹¹.

As diferencias espaciais reais entre as diferentes designacións van dos 10 (7) ata os douscentos metros (1 e 6). Isinuándose o “sinalamento” en:

¹⁰ Preferimos esta denominación para este trazo á maioritaria de “repouso”.

¹¹ Na representación gráfica dos exemplos preferimos unha adaptación ó galego normativo no tocante á morfoloxía, ós castelanismos léxicos e mais á pronuncia das vocais, xa que vemos como secundaria a explicitación pomenorizada de todos eses fenómenos.

- (8) *Monte Meá é aquí cerca de Couredo.*
(9) *Xa vén a xunqueira aquí, xa do río aquí xa se ve...*

Exemplos nos que se localiza co adverbio da “proximidade” dentro do ámbito de *ai/alí*, así a todo parece que aínda se lle quere imprimir ese sentido de achegamento ó falante. Obsérvese para os mesmos falantes:

- (10) *Cara o coto é Monte Meá... Si, alí é Monte Meá.*
(11) *Couredo é da Fonte Escura... Monte Meá debe de ser aí.*
(12) *...hai unha zona aí, que é na beira do río, que xa hai xunqueira, chámanlle O Cabrón.*

No *alí* de (10) *Monte Meá* considérase afastado, fronte ó *aquí* de (8) que resulta ser próximo en realidade, e finalmente o (11) que se adecúa á localización que viña facendo o falante, caracterizada polo menor afastamento. O lugar sitúase a un quilómetro de onde se fala, e entre o *alí* de (10) e o *aquí* de (8) a penas hai douscentos metros.

Na segunda situación o *aí* de (12) está lixeiramente agachado, detrás dun lombo, e o único que o diferencia do *aquí* de (9) é a visión imaxinaria (ó nos colocarmos fóra da casa teríamo-la *xunqueira* enfronte), xa que non hai diferenza na distancia. Percíbese daquela un matiz de proximidade para o (9), mentres que o (12) caracterízase co menor afastamento.

Isto indicaría ben ás claras a subxectividade que rexe a deíxe destes adverbios, reformulable en canto se produce unha variación obxectiva, como pode se-la apreciación por parte do falante dunha maior distancia real, pero sobre todo cando esa variación é subxectiva, o que repercute na “distancia psicolóxica” do falante que está máis condicionada por elementos cognitivos.

Para a forma *aí* atopamos un valor predominante de exclusión de 1ª e 2ª persoas, determinado pola falta de proximidade ás mesmas¹².

- (13) *... había unha poza aí onde bebían as vacas.*
(14) *Eran tres aquí, e outra que había aí onde ten as cortes Prácido, catro. Véxanse tamén (11) e (12).*

O que o individualiza fronte a *aquí*, caracterizado polo trazo de proximidade ós interlocutores. Pero o terceiro elemento en disputa contribúe a xerar unha nova oposición no plano da non proximidade. *Alí* designa os lugares máis afastados na conciencia do falante, mentres que *aí* indica dentro da non proximidade o menor afastamento.

¹² Vid. supra nota 5.

- (15) *Alí onde vive Dogracias.*
 (16) *De alí para aquí é de Iris.*
 (17) *E despois para alí é Iris e para aquí Cabanas.*
 (18) *Aí é onde divide a parroquia de Iris e a de Santa Cruz, para baixo é Iris, para a parte de alí xa é Santa Cruz.*
 (19) *Si, por alí... por alí aquel cacho para a parte de Laraxe.*
 Véxase tamén o exemplo (10).

Ó designaren deste xeito, al térase a tradicional correspondencia entre as persoas gramaticais e os adverbios absolutos de lugar. Así, coidamos que a referencialidade persoal (gramatical) se converte en condicionante secundario fronte ás consideracións espaciais subxectivas do falante, que sería o semanticamente determinante. Ademais, a casa, rueiro, parroquia, comarca... no que se atopan a 1ª e a 2ª persoas pódese converter nun tipo de referencia a partir da que a 1ª persoa determina a proximidade ou afastamento doutras entidades espaciais. Ábrense multiplicidade de posibilidades lingüísticas, conservándose así mesmo a orixinaria de 1ª p. *-aquí*/2ª p. *-alí*/3ª p. *-alí*. Botando o pé fóra do corpus que nos ocupa, comentemos tres exemplos da vida cotiá:

- (20) *A factura atopeina aquí, tñaa no peto* (indica proximidade á 1ª persoa e exclúe a 2ª).
 (21) *O lixo tirámolo aquí, á outra banda da rúa* (indica proximidade tanto á 1ª coma á 2ª persoa).
 (22) *Seica viron o coche aquí preto da Coruña* (proximidade á 1ª persoa e á 2ª). Cf. *Estivenche ben anos alí en Bos Aires* ou *Aí, en León, moito frío pasamos*.

A contextualización extraverbal convértese, en último termo, en fundamental á hora de comprende-la formulación destas proposicións. Unha serie de coñecementos comúns, cemento silandeiro da comunicación, apoia a posibilidade de considerarmos próximos A Coruña ou o depósito do lixo, mais tampouco sen excluírmo-la deíxe con *aí* e *alí*. Así a todo, cremos que estes casos só se poden producir en contextos nos que haxa un grao de coñecemento do contorno físico suficiente por parte de ámbolos interlocutores.

Para os adverbios rematados en vocal non palatal teríamos orixinariamente un tipo de oposición binaria. A forma *acó* representaba a “proximidade” englobadora da 1ª e 2ª persoas, mentres que *alá-aló* facían referencia a un lugar non próximo ós participantes do acto de fala, exclúeos, en consoancia co que postulan as diferentes gramáticas. Así, *alá-aló*, en canto á referencia persoal, non se distinguen de *alí*; mais, nesta fala concreta, *acó* a penas funciona como variante formal

de *aquí* nun único falante do que tiramos estes dous exemplos de contraste¹³:

- (23) ... *para aquí todo é de Iris.*
- (24) *As fraguicelas son para acó do río.*

Entre eles xa non existe oposición semántica. A deíxe deste adverbio foi asumida por *aquí* na práctica totalidade dos informantes, obsérvese:

- (25) *Vindo para aquí, despois é todo esto.*
- (26) ... *e despois para alí é Iris e para aquí xa é Cabanas.*
- (27) *Tes para aquí debaixo de Formarís...*
- (28) ... *que sexa do Cal da Fontiña para aquí.*
- (29) *Despois vindo para aquí chámase A Pena da Leción.*

A situación no afastamento é máis variada, cf. exemplos (15) a (19):

- (30) *Despois para alá non sei máis nada... xa é da parte de alá.*
- (31) *Cara a alá... xunta o de Camilo.*
- (32) *Xa pertence todo a Laraxe, aló ó Pereiro.*
- (33) *Xa pertence a Suaserra, é aló enriba.*
- (34) *A Alaxe é aquí... aló onde están os prados eses subindo.*
- (35) *Que vén do muiño de Valedoso, de aló da Painceira.*
- (36) ... *para a parte de alá o Castro.*

Vexámo-la seguinte oposición para clarifica-las diferencias.

1.2.2. *Vaguidade vs. Precisión*

A serie rematada en vocal palatal distínguese, segundo coinciden tódalas descrições, pola maior ou menor precisión deíctica: a serie en –í caracterízase pola precisión (puntualidade) á hora de realiza-la deíxe fronte ás series en –ó e –á nas que se percibe certa vaguidade designativa.

Os resultados da enquisa insinúan unha dirección moi próxima aínda que con modificacións formais importantes.

A distinción circunscríbese só á área de maior afastamento (*ali-alá-aló*), visto que na de proximidade se consumou para a maioría

¹³ Porto Dapena (1972, 207) considera *acó* variante combinatoria de *aquí* con verbos de movemento, mais para o caso que nos ocupa só se produce a combinación coa preposición *para*, mesmo en concorrencia coa forma extensiva, o que agoira a inminente desaparición.

dos falantes o sincretismo de valores encol de *aquí*, no sentido da simplificación que ata hai pouco distinguía o ámbito de *aí*. Antes de pasarmos á descrición dos primeiros observémo-lo sincretismo de valores nestoutros adverbios.

Os usos puntuais ou concretos de *aquí* podémoslos ollar nos exemplos (1) a (7), nos que ademais se marca a proximidade dun lugar. Confróntense cos seguintes:

(37) *Despois xa é do Salto, xa é da parte de alá, xa non é de aquí.*

(38) *É o que hai aquí en Irís.*

(39) *Esa é a Fonte do Salto e aquí, claro, o lugar do Salto.*

(40) *...moito máis cerca de aquí.*

(41) *E veu morrer aquí, aquí á Pena.*

Persiste tamén neste *aquí* o trazo de proximidade, así a todo ten un novo valor inclusivo polo que o falante se engloba co oínte nunha entidade espacial máis ou menos delimitable e caracterizada pola non puntualidade: Irís (37 e 38), o lugar do Salto (39 e 40) ou A Pena (41). Neste último observamos, por contexto extraverbal, unha ambigüidade que se salva co apoio noutro sintagma especificativo, *á Pena*. O primeiro *aquí* designaba directamente a casa na que nos atopabamos, feito que non se axustaba ó que o falante quería expresar e de aí a inmediata especificación.

Aí parece considerarse máis preciso en caso de que se refira á 2ª persoa ou ó seu ámbito, excluindo a 1ª persoa. Mais para os contextos nos que expresa non proximidade, tamén para o interlocutor, a súa precisión non é dubidosa como podemos ver enriba cos exemplos (12) a (14).

Neste ámbito, igual ca no da proximidade, danse casos nos que se expresan valores que poderíamos considerar “englobadores” dunha entidade espacial (non puntuais):

(42) *Aí hai... a pena aquela que hai alí.*

(43) *Aí moitos hai que lles chaman as fraguicelas.*

(44) *Sítios máis pequenos, has de conocer as fincas aí.*

(45) *Non recordo se aí teñen nome.*

Como xa se sinala en Álvarez et alii (1992³, 424): “*aí* non ten correspondencia nos adverbios en –ó nin en –á polo que se estende doadamente ós valores propios destas series...”, aínda que cómpre unha grande contextualización xa que este englobamento non é tan claro como o da proximidade ou o do maior afastamento. Hase ter en conta que a desaparición progresiva da serie adverbial non palatal no ámbito

da proximidade foi o que propiciou unha situación semellante para *aquí*¹⁴.

Mentres, no maior afastamento, o avance das formas en *-í* foi limitado e as formas rematadas en vocal non palatal disputan un extenso espacio de uso. A referencia menos precisa de *alí*, segundo Álvarez et alii (1992³, 425), nótase a penas para as referencias anafóricas: “... algunhas veces pódese atopar referido a lugares menos precisos”¹⁵. Non rexistramos no noso traballo ese tipo de usos ou outros próximos, polo que mantemos para este sistema que o “englobamento” ou a menor precisión segue a se-lo característico das formas rematadas en vocal non palatal, obsérvense os exemplos (30) a (36), fronte á concreción de *alí* nos exemplos (15) a (19). Naqueles casos désígnase unha área non pormenorizada ou que non se quere especificar, pero que ten unha déixe inequívoca: o lugar extenso do Salto (30), zona lindeira con outra parroquia (31), o lugar extenso do Pereiro (32), a parroquia de Suaserra (33), unha zona de prados relativamente próxima ó falante pero non concretizada (34), a zona extensa da Painceira (35), indirectamente a parroquia de Santa Cruz do Salto (36), mentres que os de *alí*, ademais desa déixe inequívoca, designan lugares que se consideran máis singularizados, o lugar de Vilar (15), un cal *-regato-* (16), unha dirección concreta (17-18), a división das parroquias de Irís e Laraxe (19).

Unha construción relacionada coa vaguidade é a combinación dos adverbios absolutos coa preposición *por*, que en *por si xa* significa imprecisión. Tradicionalmente, viñéronse considerando os seus usos combinatorios co adverbio *aí* de bastante imprecisos ou mesmo de non referenciais, rachando o seu parentesco sintagmático con expresións paralelas como *por aquí/por alí*, e mesmo coas series non palatais. Comparémo-los seguintes exemplos:

(46) *Eso chámase Suaspenas... despois chámase por aquí, pola beira da estrada...*

(47) *Despois aquí, indo por aquí adiante...*

(48) *E despois vamos por aí adiante.*

(49) *A parroquia de Cabanas chega alí enriba ó marco do Salto, e vai por aí pola parte de riba...*

(50) *E despois baixa por aí, non sei por onde baixa ata Cabanas.*

(51) *O Paso Cativo e os Reises... son os que hai por aí arriba.*

(52) *Todo por aí, ata chegar á Pedra do Couto son as Pinabetas.*

(53) *... ese camiño que vai por alí, chámalle a escada.*

¹⁴ Cf. Álvarez et alii (1990³, 425).

¹⁵ Rodríguez (1958-I) advirte o trazo de indeterminación para este adverbio na correlación *aquí...alí*.

(54) *Por alí chámalle a Costeira.*

(55) *... chámalle Sistos, Sistos todo por aló abaixo.*

(56) *A casa do 'Manco' ten moita fraga, ten moitos montes por aló, moita fraga.*

Para *aí* temos que indica-lo uso deíctico, alomenos dentro da referencialidade destes informantes, no sentido da (non-)proximidade tanto puntual (concreta) como englobadora (vaga ou menos delimitada se se prefire). Está claro que a subxectividade do falante, o grao de descontextualización e, tal vez, outros factores que foxen á nosa apreciación inflúen no paso cara a valores non-deícticos, caracterizados por non teren referencia, pero son factores todos eles ausentes das entrevistas que nos ocupan.

1.2.3. *Movemento vs. Situación*

As formas propias da “proximidade” deixaron paso a un lexema único que acabou designando tódalas posibilidades nesta área. Segundo poidemos apreciar nos exemplos (23) a (29) non existen contextos opositivos reais. Exemplos coma o (9) ou o (41) confirman ese desprazamento mesmo con verbos de movemento. Para *acó*, forma específica do movemento translocal, xa se indicou a súa condición de variante formal, cf. (23) e (24).

As formas do afastamento achegan unha riqueza aparente. Faise uso de tres formas: *alí*, *alá* e *aló*, máis ó pouco que reparemos aparecen unha serie de irregularidades fronte ó paradigma gramatical proposto como común:

1°. *Aló* e *alí* son os únicos elementos en contextos independentes –cf. (32) a (34) para *aló* e (15) para *alí*–.

2°. Cando se produce o encontro con preposicións *aló* e *alí* aparecen sempre en combinación sintagmática con *por* –cf. (53) a (56)–. *Alá* e *alí* concorren con *para a parte de/da parte de* –cf. (36) e (37) para *alá* e (18) para *alí*–, *aló* e *alí* predominan coa preposición *de* –cf (35) para *aló* e mais (16) para *alí*–.

3°. Na combinación coa preposición *para/cara a* conflúen indistintamente *aló* e *alá* –cf. (57) para *aló*, (30) e (31) para *alá* e mais (17) e (26) para *alí*–.

Aló e *alí*, en contextos independentes sen preposición, concorren con verbos que indican situación ou repouso (estar, ser), o que invalida de entrada a oposición de movemento ou dirección fronte a estado ou situación para esta fala. O número limitado de casos obrigounos a recorrer a outra serie de textos dunha fala próxima. Neles

confirmábase a concorrencia de ámbalas formas con verbos de movemento ou de situación indistintamente.

O caso de *alá* amósase como máis anómalo. Podémolo confirmar como variante combinatoria de *aló*, segundo os diferentes contextos da enquisa. Mais os textos de apoio achegáronnos exemplos nos que *alá* tamén funciona en contextos independentes, tanto con verbos de movemento coma cos de estado. Se xebrámo-los usos individuais confirmase o conflito de formas adverbiais nunha mesma persoa, fronte ó corpus inicial no que a penas existe alternancia en contextos onde aparece a preposición *para*.

Tampouco nos parece correcta unha interpretación lineal próxima á de Porto Dapena (1977) e outros (vid. supra nota 7), malia que algunhas designacións apunten nesa liña.

(57) *De alí para aquí é de Iris e para aló Cabanas, ata O Penso é Cabanas, para alá San... San Martiño, ¿entendiches?*

Invertiríase ademais a relación entre as formas xa que sería máis próximo *aló* ca *alá*. Ó noso entender é a falta de fixación a que causa esta vacilación.

2. Os sistemas adverbiais absolutos veciños¹⁶

A complementariedade ou alternancia de *alá*, ou o esporádico caso de *acó*, revelan a situación anómala xerada polo proceso de consolidación dun novo sistema deítico adverbial.

Dende unha perspectiva diacrónica son dous os fenómenos que se están a producir en grande parte do galego. O máis recente é a substitución por *aquí* da(s) forma(s) de proximidade rematada(s) en vocal non palatal, do que non se dispoñen datos concretos en canto a extensión. O outro pode vir de vello, e consiste no predominio dunha das series non palatais sobre a outra, coa solución en *-á* ou en *-ó*, xa sinalado enriba (vid. supra nota 6).

Diante dos resultados obtidos barallamos dúas alternativas para explica-la situación sincrónica: ou ben se trata dos restos do sistema tradicional, ou ben ese sistema xa se simplificou, hai ben tempo, en

¹⁶ Os datos dos que dispomos a penas nos permiten constata-las formas, sen poder achega-los correspondentes trazos semánticos ou a distribución. Así mesmo *acolá* non o documentamos na enquisa. O ALG (1995) tampouco non o anota en toda a volta do golfo ártabro, mais cómpre deixar constancia da súa existencia no mesmo concello de Cabanas, tanto nas parroquias do interior coma esporadicamente en xente maior desta parroquia que nos ocupa, o que nos fai pensar que sofre un retroceso importante.

favor dunha das dúas opcións, previsiblemente –ó, chegando logo da zona costeira *alá*. Os datos apuntan cara a esta última opción.

Dende o punto de vista interno, só perduran os restos de *acó*, o que implica necesariamente o paradigma binario inicial *acó/aló*.

Ó recorrermos á dialectoloxía, temos que seguindo o ALG (1995, 338), na costa persiste a forma *alá*, a carón de *acá* na Queira-Ares (C.8)¹⁷ ou de *acó* en Pontedeume (C.9)¹⁸, pola contra, para o interior en Espiñaredo (C.6) aparece exclusivamente a serie rematada en vocal velar aberta.

Algo semellante se reproduce, con sorprendente semellanza, na comarca ferrolá. Deste xeito, nas proximidades de Ferrol temos –á, en San Cristovo-Ferrol (C.7), mais ó pouco que nos imos arredando para o interior simplifícase o sistema en favor de –ó, así o confirman os datos de San Ramón-Moeche (C.5). Existe ademais un punto intermedio con tódalas formas, na Carreira-Valdoviño (C.4)¹⁹.

Obsérvase, así mesmo, que en Betanzos (C.15) e mais Mesoiro-A Coruña (C.11) tamén hai –á, mentres que na zona de Carnoedo-Sada (C.10) repítense os resultados de Pontedeume. Todas elas atópanse na costa e están arrodeadas por –ó para o interior²⁰.

A importación de *alá*, propio das falas costeiras, toma forma en canto constatamos as densas relacións humanas de Iris con esa área demograficamente máis poboada, e poderíámolo afirmar como máis probable ca que formas en –ó avansasen do interior, co que os intercambios foron menos intensos.

Certamente hai moitas variables que foxen ó noso control, como é a intensa migración de terras da montaña para a mariña, pero cremos que a contraposición –á/costa vilega vs. –ó/interior rural segue a estar moi presente. Este argumento externo e maila serie de usos alternantes e pouco fixados decídenos pola posibilidade da interferencia dialectal, alomenos no tocante a esta zona concreta do noreste coruñés.

3. Conclusións

¹⁷ En Caamouco-Ares documentamos *aló* en xente maior.

¹⁸ O que pode implicar a coexistencia para o afastamento de *alá* con *aló*.

¹⁹ Porto Dapena (1977) non menciona formas en –á para a deíxe proxima, e moito menos o sistema completo para a zona de Valdoviño. En realidade, só documenta na zona de Pantín-Cedeira as formas do maior afastamento, *ali/alá/aló*, ás que se engaden *acó* e *acolá* en Cerdido e no interior de San Sadurniño, fronte á área simplificada de Ferrol-Narón e arredores con só as formas *ali/alá*.

²⁰ Rodríguez (1958-1), neste sentido, identifica as formas en –ó como propias de comarcas de montaña e outras sen especificar.

Dende o punto de vista semántico apreciamos dous trazos autenticamente significativos para caracteriza-lo sistema desta fala: o de proximidade, acompañado polo de afastamento nun segundo nivel, e mailo de englobamento fronte ó de puntualidade:

	+PROXIMIDADE	-PROXIMIDADE	
		-AFASTAMENTO	+AFASTAMENTO
ENGOBAMENTO	AQUÍ (☩ ACÓ)	AÍ	ALÁ~ALÓ
PUNTUALIDADE	AQUÍ	AÍ	ALÍ

En todo caso, esa deíxe englobadora (vaguidade, non puntualidade, non precisión, etc) coidamos que se caracteriza pola concreción e delimitación espacial, aínda que sen se especificaren os elementos que poida haber dentro do referente.

As series adverbiais desta fala teñen formas de expresión diferenciadas para o maior afastamento. Mais imponse o modelo simplificado de *ai* en canto que se concentran os valores tanto de englobamento como de puntualidade nos adverbios que designan os ámbitos da proximidade e do menor afastamento.

Con todo isto, a existencia de dúas formas diferenciadas no maior afastamento englobador parécenos que pode ser causa directa do contacto entre áreas dialectais próximas. Os datos dos que dispomos apuntan nesa dirección: a costa, con -á, ten maior poder irradiador có interior sobre esta zona, orixinariamente de -ó.

Á vista dos resultados coidamos conveniente comprobalos a través da realización dun estudio máis profundo que determine, por unha banda, as formas existentes nos escritos medievais desta área dialectal e, pola outra, os trazos semánticos pertinentes das distintas variedades sintópicas circundantes, para relacionarmos daquela, cun certo grao de fiabilidade, a actualidade e maila historia dos adverbios absolutos de lugar.

Bibliografía

1. Estudos gramaticais e dialectais citados

- Alarcos Llorach, E. (1980³), “Los demostrativos en español”, en *Estudios de Gramática Funcional del español*, Madrid, Gredos.
- Álvarez et alii (1992³), *Gramática Galega*, Vigo, Galaxia.
- Bühler, K. (1950), *Teoría del Lenguaje*, Madrid, Revista de Occidente.
- Carballo Calero, R. (1979⁷), *Gramática elemental del gallego común*, Vigo, Galaxia.

- Carré Alvarellos, L. (1967), *Gramática Gallega*, A Coruña, Moret.
- Coseriu, E. (1967²), “Determinación y entorno”, en *Teoría del Lenguaje y Lingüística General. Cinco Estudios*, Madrid, Gredos, pp. 282-323.
- Fernández Rei, F. (1990), *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo, Xerais.
- Instituto da Lingua Galega (1995), *Atlas Lingüístico Galego. Morfoloxía non verbal*, A Coruña, Fundación “Pedro Barrié de la Maza”. Citado como ALG (1995).
- Porto Dapena, J.A. (1977), *El gallego hablado en la comarca ferrolana*, Anexo 9 de *Verba*.
- Saco y Arce, J. (1868), *Gramática Galega*, Lugo, Soto Freire.
- Santamarina Fernández, A. (1975), “El adverbio gallego. Estudio basado en el habla del Valle de Suarna (Fonsagrada, Lugo)”, *Verba*, 2, pp. 59-106.
- Valladares Núñez, M. (1970), *Elementos de gramática gallega*, Vigo, Galaxia, (edición facsimilar).

2. Dictionarios consultados

- Ares Vázquez, M^a Carme et alii (1990³), *Diccionario Xerais da Lingua*, Vigo, Xerais.
- Instituto da Lingua Galega/Real Academia Galega (1990), *Diccionario da Lingua Galega*, Santiago/A Coruña, Instituto da Lingua Galega/Real Academia Galega. (ILG/RAG)
- Rodríguez González, E. (1958-I, 1960-II, 1961-III), *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano*, Vigo, Galaxia.